

## ESPERPENTO NO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

A Federación do Ensino de CCOO de Galicia non votou a favor do ditame do Consello Escolar de Galicia sobre o Decreto que regula a ordenación e currículo do bacharelato a pesares de que este incorporou algunhas das emendas presentadas pola nosa organización sindical.

CCOO entende que a polémica xerada polo Decreto de Ordenación e Currículo de Bacharelato parte dunha falta global de debate político e social sobre a base da necesidade dun sistema educativo que teña estabilidade no tempo (temos que lembrar dende 1996 ata o 2008 apareceron dúas leis xerais e distinta normativa que as desenvolveron).

***“A optatividade debe ser a maior posible: tanto as materias de modalidade como as optativas deben permitir formar ao alumnado para futuras ensinanzas superiores.”***

CCOO sempre considerou necesario un amplo consenso sobre o marco educativo, enmarcado nos parámetros de eficacia e validez do espazo educativo europeo. Lamentablemente nin o debate nin o consenso se ten producido o que sen dúbida é responsabilidade das forzas políticas en xeral.

No debate no Consello Escolar de Galicia, a Federación do Ensino de CCOO mantivo unha posición baseada nos seguintes criterios:

- Propostas que respecten a legalidade vixente: tratados constitucionais, leis orgánicas... Todo o que está fora deste marco son propostas demagóxicas que quedan moi bonitas no papel pero non conducen a ningunha solución.

- A optatividade debe ser a maior posible: tanto as materias de modalidade como as optativas deben permitir formar ao alumnado para futuras ensinanzas superiores. Neste sentido hai que subliñar que os sistemas educativos europeos máis avanzados parten desta premisa nas ensinanzas postobrigatorias.

- Non poder aceptar recortes na carga lectiva das materias optativas porque levaría á imposibilidade de cursalas por varias razóns: primeiro, por problemas organizativos dentro do centro; segundo, por dificultades para abordar o currículo destas materias con menos horario e, terceiro, porque tamén afecta a profesorado de outros departamentos concretos.

- Nun debate curricular, aumentar horario nunha materia supón diminuílo noutras o que nos levaría a outro debate sobre a conveniencia do por que lle quitamos horas a esas materias. Por este motivo CCOO non fixo propostas nese sentido.

***“CCOO demandou da Consellaría de Educación que mantivese aberto o diálogo ata a aprobación deste Decreto polo Consello da Xunta composto por PSOE e BNG”***

Seguindo co anexo II (distribución horaria) se fixeron outras propostas:

- Unha da Federación Galega de MRPs que aumenta a carga lectiva do alumnado a 33 horas, que foi retirada.
- Unha da Coordinadora Galega de MRPs que aumenta a carga horaria do alumnado galego a



**ensino**

federación do ensino de  
ccoo de galicia

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa

34 horas. Esta decaeu porque non estaba para defendela.

- Unha de UGT que propoñía reducir o horario de materias optativas. O resultado foi 8 favor, 14 en contra e 8 abstencións.
- A CIG tiña dúas propostas sobre o horario e retirou unha no pleno. A que mantén lle retirou unha hora a Ciencias do mundo contemporáneo e as dúas de alternativa a relixión. O resultado foi 3 a favor, 23 en contra e 8 abstencións.
- A CECE presentou a proposta de reducir unha hora Ciencias para o mundo contemporáneo en engadirilla a EF. O resultado foi 11 a favor, 12 en contra e 9 abstencións.

Nestas votacións viviuse unha situación esperpéntica. **A CIG-ensino**, ao mesmo tempo que tiña convocada unha concentración e a unha folga aos afectados de Educación Física, Hª e Filosofía **votaba, xunto coa Administración, en contra dunha emenda que propoñía a redución dunha hora de Ciencias para o mundo contemporáneo e**

**o traslado de esta a EF.** Tivese sido suficiente con que a CIG se abstivera para que a emenda prosperase.

***A Federación do Ensino de CCOO de Galicia, consecuentemente coa súa argumentación, abstívose nas propostas de modificación horaria en tanto non se establecera un debate da situación educativa global.***

Queremos chamar á Consellería de Educación a que manteña abertas as portas ao diálogo que para CCOO deben pasar polo mantemento da carga horaria do profesorado afectado. Neste sentido sería importante que se abordasen e permitisen organizar materias optativas relacionadas coas áreas que perden horario como pode ser unha optativa de Deportes, Filosofía do Dereito, Historia de Galicia...

Santiago, 29 de abril de 2008